

Noelia Díaz

A CORUÑA

“Rosalía é a luz que alumea o noso camiño á hora de sermos galegos”. Con esta frase resume Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a figura da escritora Rosalía de Castro, da que onte se conmemoraba o aniversario do seu nacemento nas principais cidades galegas. No da Coruña estiveron presentes, ademais de Sánchez Iglesias, Mercedes Queixas, vicepresidenta da AELG, e os escritores Luz Pozo Garza e Xavier Seoane, quen aludiu á polémica co conselleiro de Cultura, Roberto Varela, dicindo que “se certos políticos se atreven a ir contra a cultura galega, non é tanto por maldade senón por ignorancia, porque non a coñecen”.

Rosalía de Castro foi unha muller “con agallas” que destacou dentro dun mundo dominado polos homes. “A primeira feminista”, como dixo Cesáreo Sánchez. Unha autora da que existe unha bibliografía inabrangüible, pero da que non se coñecen apenas aspectos da súa personalidade. Nada en Santiago de nai solteira e dun sacerdote, na súa partida de nacemento figura como “hija de padres incógnitos”. Aínda que o seu pai non podía recoñecerla como filla lexítima, semella que se preocupaba por ela e deixouna ó coidado das súas irmás de Ortoño ata os dez anos, aproximadamente. É nesta época cando Rosalía comeza a formar ese “humus vivencial”, en palabras de Xavier Seoane, que máis tarde serviría para construír esa forte conciencia galega, tanto política como social.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) conmemorou onte no Kiosco Alfonso o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, a autora máis recoñecida da li-

teratura galega e unha das maiores impulsoras do idioma galego. Ó acto acudiron, entre outras personalidades, os escritores Xavier Seoane e Luz Pozo Garza, que ensalzaron a

figura da autora cunha lectura dalgúns poemas e unha charla sobre a historia da súa vida, tentando amosar o lado máis humano da poeta e a súa personalidade.

## As agallas de Rosalía

Estandarte e impulsora da lingua galega, a escritora de Padrón, que foi homenaxeada onte no Kiosco Alfonso, é considerada polos autores galegos como a primeira feminista de Galicia



Luz Pozo, Cesáreo Sánchez, Mercedes Queixas e Xavier Seoane, onte, no Kiosco Alfonso. / EDUARDO VICENTE

Estivo mergullada desde pequena no ámbito rural galego, pero soubo relacionarse coas elites compostelanas e, unha vez casada con Ma-

nuel Murguía, trabou amizade con familias importantes como os Chao de Vigo e os Avendaño de Madrid. Dise, tamén, que por un tempo o

matrimonio viviu na mesma rúa que Gustavo Adolfo Bécquer, en Madrid. Á marxe destes detalles e outros como a súa mala saúde ou a

súa formación musical, Rosalía segue sendo un enigma e ninguén podería explicar cómo era realmente a poeta. Os autores galegos coinciden en sinalar que, de ter sido estranxeira, sería unha das poetas máis aclamadas e respectadas de todo o mundo.

“Se certos políticos se atreven a ir contra a cultura galega, non é por maldade senón por ignorancia”

Cunha poesía sensible de métrica innovadora, é o estandarte do Rexurdimento e a figura que devolveu o esplendor á lingua galega, que non tiña literatura nin prestixio ata a súa chegada. Rosalía significa dignificación da lingua galega, voz da liberdade e luz, a luz que guía a todos os galegos para estar orgullosos da súa patria.